



AXUDAS CONTRATACION PARA CONCILIACION DE AUTONOMOS-SI440A

DOG 114 do 12/06/2020 Resolución 5/6/2020. c. Presidencia e Ad Publica.

DATA REMATE: 13/07/2020

Contía da Subvención:

As axudas poden ser ata 8 meses e as cantidades dependen da redución da xornada. Dende unha redución do 12% ata 50%. Según o número de persoas a cargo. As axudas poden ir de 1.700 euros ata 3.700€

Beneficiarios:

Persoas traballadoras e as familias monoparentais por conta allea ou autónomo (incluída a administración pública) que, entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, ambos os dous inclusive, teñan unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %, e que reúnan os seguintes requisitos. En familias NON monoparentais só pode solicitar os homes. Nas familias monoparentais poden solicitar homes e mulleres.

Requisitos Beneficiarios:

Deberán cumprir todos os requisitos:

- a) Estar empadroadas en calquera concello, como mínimo, desde o 1 de xaneiro de 2019 e manter esta condición durante todo o período subvencionable.
- B) Convivir coa filla ou o fillo durante o período subvencionable.
- C) No caso de familias NON monoparentais, o cónxuxe ou parella deberá ser unha persoa traballadora e manter esa situación durante todo o período subvencionado. Entenderase cumprido este requisito cando, existindo períodos non traballados, a suma destes non supere o 5 % do período subvencionado, sexa este continuado ou fraccionado. Excepcionalmente, debido a crise sanitaria polo COVID-19 non terá en conta o tempo de suspensión do contrato de traballo como consecuencia dun ERTE
- D) Os ingresos da unidade familiar non poderán ser superiores a 7 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2019.
- e) Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións DA LEI de subvencións de Galicia

Conceptos Subvencionables:

O período máximo subvencionable, continuado ou fraccionado, será de oito meses (8) comprendidos entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, ambos os dous inclusive.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net

